



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 – FRADES (A Coruña)

Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579

e-mail: correo@frades.gal

BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE CATRO PEÓNS FORESTAIS MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA, DA CONSELLERÍA DE EMPREGO DO POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES QUE REGULAN AS AXUDAS E SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL).

EXPTE TEDEC: 2025/E001/000002

PRIMEIRO-. Obxecto da convocatoria.

É obxecto da presente convocatoria a regulación da contratación de catro peóns ao abeiro da subvención convocada pola Orde da Consellería de Emprego pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural), e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2025, código de procedemento TR351G (DOG núm. 50, do 13/03/2025).

Con data 15 de maio de 2025, notificase a este Concello a resolución de concesión da achega.

As contratacións realizaranse e quedan vinculadas a citada subvención.

Estes traballadores adicaranse a execución das actuacións subvencionadas isto é: Tarefas de silvicultura, biomasa e limpeza de montes.

SEGUNDO-. Modalidade e duración do contrato e retribucións

A modalidade de contrato é a regulada pola Disposición Adicional Novena do Texto Refundido da Lei de Emprego, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2015, de 23 de outubro, é dicir contrato de traballo temporal para a mellora da empregabilidade e da inserción laboral e a xornada completa para desenvolver as funcións as que se refire a base anterior.

A duración do contrato será de nove meses.

O horario de traballo será fixado de acordo coas necesidades do servizo en virtude de Decreto da Alcaldía.

O contrato de traballo terá as seguintes características:

Contrato de traballo temporal para a mellora da empregabilidade, xornada completa.

Categoría profesional: Peón Forestal.

Duración: 9 meses .

N.º de traballadores: 4.

As persoas candidatas propostas para ser contratadas, serán chamadas segundo a orde de prelación na que figuren na listaxe das que superen o proceso de selección.

1º chamamento: tres persoas, con previsión de inicio en xuño.

2º chamamento: unha persoa, con previsión de inicio en xullo.

TERCEIRA.- CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES.

Os participantes no proceso de selección poderán ser unicamente aqueles que se encontren incluídos na listaxe de candidatos/as remitida pola Oficina Pública de Emprego en relación coa oferta de emprego que realizará o Concello de Frades para cubrir ditas prazas, dita oferta será solicitada a partir **DO DÍA HÁBIL SEGUINTE Á PUBLICACIÓN DAS PRESENTES BASES NO TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO,** co obxecto



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 – FRADES (A Coruña)

Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579

e-mail: correo@frades.gal

de dar cumprimento o establecido no artigo 14.3 da Orde do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL Rural) e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2025 (DOG núm. 50, do 13 de marzo).

Para poder tomar parte neste proceso selectivo, os/as aspirantes deberán reunir os requisitos establecidos nos art. art. 56 e seguintes Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto de Empregado Público e aqueles establecidos pola Orde da Consellería de Emprego 23 de decembro de 2023, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2024 (DOG núm. 17, de 24/01/2024), isto é:

- a) Ser español ou nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado en que en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, nos termos establecidos na normativa vixente.
- b) Ter cumpridos os dezaseis (16) anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.
- c) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas obxecto do presente contrato.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.
- e) Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na lei 53/84 de 26 de decembro do persoal ó servizo das Administracións Públicas.
- f) Ser desempregado inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupado e estar dispoñible para o emprego.
- g) Non ter sido contratado por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2023 pola Consellería de Emprego no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas.
- h) No suposto de estar exento de realizar a proba de galego. Acreditación de estar en posesión do CELGA 1 ou ter superado o curso de coñecementos en lingua galega de nivel equivalente. De non acreditarse o coñecemento do galego por esta vía, realizarase unha proba de galego que determinará o tribunal cualificador, esta proba terá carácter obrigatorio e eliminatorio. Este exercicio será cualificado como APTO ou NON APTO (artigo 51 da Lei de emprego público de Galicia 2/2015 de 29 de abril).
- i) Estar en posesión do carné de conducir B en vigor.

Os anteriores requisitos deberanse posuír con referencia ao derradeiro día do prazo de presentación de solicitudes e gozar dos mesmos durante o proceso selectivo e ata a formalización do contrato de traballo.

Será nula a contratación dos que estean incursos en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 – FRADES (A Coruña)

Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579

e-mail: correo@frades.gal

CUARTA. - PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

1.- O Concello presentará a oferta de emprego no Servizo Público de Emprego, solicitando traballadores/as para a súa selección. O Servizo Público de Emprego realizará unha sondaxe de demandantes. O Servizo Público de Emprego aportará alo menos 2 candidatos e non mais de 10, remitindo novos candidatos se o Concello xustifica o incumprimento dos requisitos da oferta ou o rexeitamento voluntario ou incomparecencia dos candidatos remitidos, sempre en cando cumplan os requisitos establecidos na base terceira.

O Servizo Público de Emprego de Galicia enviará a lista de candidatos preseleccionados ao Concello de Frades para a súa selección, na que non poderán participar aqueles candidatos que non figuren en dita lista.

O Concello elaborará unha lista de reserva, con aqueles candidatos que superando o proceso selectivo non foron seleccionados para a súa contratación, por orde de puntuación de maior a menor para utilizala no período de duración do contrato, no caso de que o aspirante seleccionado non poda asinar o contrato.

2.- As persoas que habendo recibido a comunicación do concello de que foron preseleccionados polo Servizo Público de Emprego, deberán facelo constar mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde do Concello de Frades segundo o modelo establecido no Anexo I das presentes bases, no Rexistro do Concello de Frades, así como en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, o Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Da comunicación que realice o concello ao candidato que figure na relación do Servizo Público de Emprego, deberá quedar constancia escrita da realización deste aviso ou comunicación, se ben, por razóns de urxencia xustifícase que se realice a comunicación telefonicamente ou por mail. Para aqueles casos nos que non se contacte co/coa candidato/a bastará un informe dun técnico responsable que acredite esta circunstancia. O prazo de presentación de solicitudes será de **3 días hábiles** a contar dende o día seguinte en que reciba a comunicación do concello de que foi preseleccionado polo Servizo Público de Emprego de Galicia.

No caso de presentarse a documentación nun rexistro diferente ao do concello de Frades, deberá remitirse escaneada a solicitude coa totalidade da documentación presentada co devandito número de rexistro ao correo electrónico do concello correo@frades.gal

As/os interesados/as deberán presentar a solicitude de participación segundo o anexo I destas bases acompañada de copia simple da seguinte documentación:

- a) Solicitude de participación que se presentará no modelo que se achega como anexo ás presentes bases.
- b) Fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade ou equivalente.
- c) Fotocopia compulsada do carné de conducir B en vigor.
- d) No suposto de acreditar estar exento de realizar a proba de galego. Acreditación de estar en posesión do CELGA 1 ou ter superado o curso de coñecementos en lingua galega de nivel equivalente.
- e) Relación de méritos que alegue para a súa avaliación na fase do concurso, que se acompañara da documentación acreditativa daqueles.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 – FRADES (A Coruña)

Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579

e-mail: correo@frades.gal

3.- Como xa se dixo na base anterior estes requisitos deberán de posuírse con referencia ao derradeiro día do prazo de presentación de solicitudes e gozar dos mesmos durante o proceso selectivo e especialmente, de ser o caso, no momento da contratación polo que calquera alteración deberá ser comunicada a esta Administración, en especial con ocasión da formalización dun contrato de traballo.

En todo caso a administración poderá realizar as comprobacións que considere oportunas en orde a verificar/comprobar especialmente a situación de desemprego e discapacidade alegada.

QUINTA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución dentro dos 3 días hábiles seguintes, declarando aprobada a lista de admitidos e excluídos, indicando os motivos da exclusión no caso de que os houbese. Esta resolución publicárase no taboleiro de anuncios do Concello, tamén se anunciará a título meramente informativo na sede electrónica do Concello de Frades (sinalándose nesta a data de publicación no taboleiro de anuncios).

No caso de que as solicitudes non deran lugar á subsanación a resolución da Alcaldía aprobará xa a lista definitiva de aspirantes admitidos.

Os aspirantes excluídos, así como os omitidos na relación de admitidos ou excluídos disporán dun prazo de 3 días hábiles contados a partires do seguinte ao da publicación da resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello, para subsanar os defectos que motivaran a súa exclusión ou a súa omisión das relacións de admitidos e excluídos. Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non subsanasen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos do procedemento.

Transcorrido o prazo sinalado no punto anterior, a Alcaldía ditará resolución na que se aprobará a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, así como a resolución das solicitudes de abstención ou recusación dos membros do tribunal e o lugar, data e hora do comezo do proceso de selección (concurso) e a realización do exercicio de oposición. Esta resolución que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello, tamén se anunciará a título meramente informativo na sede electrónica do Concello de Frades (sinalándose nesta a data de publicación no taboleiro de anuncios).

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñece aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca mediante a correspondente resolución. Se nun momento posterior se desprende que non se posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán en todos os dereitos.

SEXTS: Tribunal Cualificador.

O tribunal cualificador nomearase no mesmo decreto no que se aprobe a lista de aspirantes admitidos.

O tribunal cualificador estará formado por cinco membros: un presidente, un secretario e tres vogais e quedará integrado polas persoas que designe a Alcaldía. Os seus integrantes deberán ser Funcionarios/as ou persoal laboral fixo ó servizo das Administracións Públicas, con titulación igual ou superior á requirida para o acceso á praza.

O tribunal quedará integrado, ademais, polos respectivos suplentes que serán designados da mesma forma que os titulares.

A pertenza aos órganos de selección realizarase a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ninguén.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 – FRADES (A Coruña)

Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579

e-mail: correo@frades.gal

A composición dos tribunais será predominantemente técnica, non formará parte do tribunal cualificador o persoal de elección ou de designación política, os funcionarios/as interinos/as e o persoal eventual.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao órgano que os designe, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como cando realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real decreto 36.4/1995, do 10 de marzo, do regulamento xeral de ingreso.

Así mesmo, os interesados poderán recusar aos membros do tribunal cando, ao seu xuízo, concorra neles algunha das circunstancias previstas no parágrafo anterior, conforme ao artigo 24 Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia do Presidente e do Secretario ou, no seu caso, dos seus suplentes, e da metade, polo menos, dos seus membros.

O tribunal resolverá cantas dúbidas poidan exporse e poderá adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable.

Aos membros ou asesores do tribunal que concorran ás súas sesións, aboaránselles indemnizacións por asistencia e, cando cumpra, por dietas e gastos de viaxe, nas contías establecidas na lexislación vixente no momento dos devengos.

SETIMA: Probas selectivas e sistema de cualificación.

O sistema de selección será o de concurso-oposición, e constará de dúas fases:

A selección dos aspirantes efectuarase polo sistema de CONCURSO-OPOSICIÓN de acordo co seguinte detalle:

Fase.- Concurso, catro puntos.

O Tribunal reunirse en sesión non pública a efectos de valorar os méritos alegados e debidamente acreditados. O resultado da valoración farase público, mediante a exposición no taboleiro de anuncios da Sede electrónica do Concello de Fraides na dirección (<https://sede.frades.gal>) e, a título meramente informativo, na páxina web municipal.

A puntuación máxima total establécese en catro puntos (4) e será o resultado de sumar os méritos que se enumeran no parágrafo seguinte, cos límites que se sinalan para cada un deles.

Serán méritos a valorar nesta fase:

1) Experiencia Profesional. Máximo 1,5 puntos.

Por servizos prestados en calquera administración ou empresa privada en labores relacionadas co posto de traballo ofertado. 0,20 puntos/mes.

A acreditación dos servizos prestados efectuarase mediante certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral de Seguridade Social acompañado de informe da empresa no que conste a categoría/funcións na que se teñen prestado os servizos e/ou contrato de traballo. A non presentación de ámbolos documentos (vida laboral+ informe da empresa e/ou contrato de traballo) suporá a non valoración do mérito alegado.

O cómputo de meses traballados realizarase tomando o total de días traballados segundo o informe de vida laboral (columna DIAS) entre 30.

2) Cursos de formación. Máximo 1 punto.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 – FRADES (A Coruña)

Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579

e-mail: correo@frades.gal

Cursos relacionados coa actividade e tarefas do posto de traballo a desenvolver impartidos por unha administración ou entidade pública ou homologadas por elas (neste último caso deberá constar expresamente tal homologación para que poidan ser valorados).

- Outorgarase 0,005 puntos por cada hora de formación acreditada.

A acreditación dos cursos realizarase mediante o correspondente certificado da súa realización expedido pola EGAP, Universidade ou calquera Administración Pública, organismos da administración, colexios profesionais e institucións públicas ou debidamente homologadas por esta. Non serán obxecto de avaliación os certificados expedidos por academias privadas senón se xustifica a homologación sinalada.

Non se valorará a asistencia a xornadas, seminarios ou actividades análogas nin cursos de informática.

2) Pertenza a colectivos con especiais dificultades de inserción. Máximo 1,5 puntos.

Outorgarase 0,25 puntos pola pertenza a algún dos colectivos preferentes establecidos no Artigo 14. Requisitos e criterios para a selección dos traballadores e das traballadoras, punto 5º da orde de convocatoria, sendo acumulativos.

“5. Terán preferencia, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, se é o caso, aqueles que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, tales como:

- a) Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.
- b) Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- c) Persoas paradas de longa duración.
- d) Persoas con discapacidade.
- e) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.
- f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente as persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia, ou as persoas trans.
- h) As persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España.

Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento”.

COLECTIVO	DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA
Mulleres.	DNI
Mulleres que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.	Informe da área de Servizos Sociais ou centro de información á muller do municipio de residencia do solicitante, informe das forzas e corpos de seguridade.
Menores de 30 anos.	DNI



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 – FRADES (A Coruña)

Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579

e-mail: correo@frades.gal

Menores de 30 demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.	DNI e Vida Laboral.
Persoas paradas de longa duración.	Informe de períodos de inscrición emitido pola oficina de emprego.
Persoas con discapacidade.	Certificado de minusvalía
Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.	Informe da oficina de emprego.
Persoas desempregadas maiores de 45 anos.	DNI
Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia ou as persoas trans.	Informe de Servizos Sociais.
As persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España.	Informe de Servizos Sociais
Ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento	Informe de Servizos Sociais

Para isto as persoas candidatas deberán acreditar documentalmente a situación do colectivo ou colectivos ós que pertencen.

SEGUNDA FASE: OPOSICIÓN. PUNTUACIÓN MÁXIMA SEIS (6) PUNTOS

A fase de oposición será de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na realización de catro exercicios:

- Primeiro exercicio: consistirá na realización dunha proba práctica relacionada coas funcións do posto a desenvolver. A puntuación máxima será de 6 puntos, debendo os aspirantes obter un mínimo de 3 puntos para superalo.
- Segundo exercicio: Proba de coñecemento da lingua galega. Esta proba cualificarase como APTO/A ou NON APTO/A, quedando eliminados/as os/as aspirantes que non acaden a cualificación de apto. Estarán exentos da realización deste exame os/as aspirantes que acrediten a posesión do certificado Celga 1 ou documento equivalente.

Undécima.- Relación de aprobados e proposta de designación.

A puntuación final e da orde de cualificación dos aspirantes aprobados, virá dada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e de oposición.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 – FRADES (A Coruña)

Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579

e-mail: correo@frades.gal

Para o caso de existir empate nas puntuacións dos aspirantes, establécense como criterios de desempate, a aplicar na orde que se indica, os seguintes:

- Maior puntuación acadada no baremo do colectivo de exclusión laboral.
- Maior puntuación obtida na fase de oposición.
- Maior puntuación acadada na fase de formación

Rematado o proceso selectivo, o tribunal publicará no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica <https://frades.sedelectronica.gal/> e na páxina web municipal <https://frades.gal/> a relación de persoas aprobadas por orde de puntuación formulando proposta de contratación a favor das persoas aspirantes que figuren con maior puntuación, en número que non supere a das prazas obxecto da convocatoria, constituíndo o resto de aspirantes aprobados, lista de reserva.

Esta lista de reserva terá efectos para a cobertura de renuncias, baixas ou non acreditación de documentos orixinais ou copias cotexadas por parte das persoas candidatas nomeadas para o posto de traballo, en relación coa contratación vinculada ao procedemento obxecto destas bases, non outorgando aos integrantes da lista de reserva dereito algún en relación a outros procesos de contratación.

PUNTUACIÓN FINAL

A puntuación virá determinada pola suma da puntuación da fase de concurso e a fase de oposición.

OITAVA: Publicidade e desenvolvemento das probas.

Os resultados das diferentes probas publicaranse no taboleiro de anuncios da Sede electrónica do Concello de Frades na dirección (<https://sede.frades.gal/opencms/gal/informacion/>) e, a título meramente informativo, na páxina web municipal (<https://frades.gal/>).

Rematadas as probas, o tribunal publicará nos termos indicados no parágrafo anterior a relación de candidatos presentados/non presentados ás mesmas con indicación das puntuacións totais acadadas, ordenando os candidatos de maior a menor por orde de puntuación. Se a proba ten carácter eliminatorio indicárase se o candidato queda eliminado.

A listaxe de puntuacións finais indicará así mesmo a relación de candidatos que non aportan ou teñen incompleta a documentación obrigatoria establecida no artigo sétimo.

Os candidatos disporán dun prazo **dun día hábil** para completar a documentación ou presentar alegacións ás puntuacións das fases de oposición ou concurso, no Rexistro xeral do Concello ou por calquera dos medios que establece o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Revisadas as alegacións/subsanacións publicaranse as puntuacións definitivas así como a relación de candidatos propostos para contratación, que en ningún caso poderá exceder do número de prazas convocadas. Se un aspirante rexeita a oferta de emprego entenderase que desiste do seu dereito e procederase a seleccionar ó seguinte aspirante segundo orde de puntuación.

Calquera proposta que contraveña o anteriormente establecido será nula de pleno dereito.

NOVENO: Lista de reserva

Os aspirantes que non foran incluídos na relación de seleccionados/proposta de designación, pasarán a formar parte dunha listaxe de reservas, co fin de que, se por calquera circunstancia algún aspirante incluído nesta non fora nomeado, poidan selo, segundo a orde de puntuación obtida no proceso de selección o resto dos candidatos.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 – FRADES (A Coruña)

Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579

e-mail: correo@frades.gal

DÉCIMO. NOMEAMENTO

O/a aspirante proposto/a chegará dentro do prazo de **1 días hábiles** contados a partir da publicación da listaxe de persoas aprobadas:

- Documentos orixinais ou cotexados dos presentados no momento da solicitude.
- Certificado médico oficial de non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal desenvolvemento das tarefas
- Tarxeta de demandante de emprego actualizada..
- Certificado de conta bancaria.

Se dentro do prazo indicado, o/a aspirante proposto/a non presentase a súa documentación ou non reunise os requisitos esixidos, non poderá ser nomeado/a, e quedará anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades que incorrese por falsidade na instancia solicitando tomar parte no proceso selectivo.

Presentada a documentación polos interesados, e sendo a mesma conforme, a Alcaldía ditará resolución de nomeamento dos aspirantes propostos e formalizará o correspondente contrato laboral para o comezo da prestación do servizo no prazo que se lle indique.

Mentres non se formalice o contrato e non se incorpore ó posto de traballo, o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

Quen sen causa xustificada non concorrese a formalizalo contrato na data sinalada, perderá tódolos dereitos derivados da superación das probas selectivas.

UNDECIMO.- CREACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO

Unha vez formalizados os catro contratos de traballo de conformidade co previsto na base anterior, mediante Decreto de Alcaldía determinarase a listaxe e orde definitiva dos integrantes da bolsa de emprego cos candidatos/as que superasen o proceso selectivo pero que non teñan dereito á formalización do contrato de traballo.

A orde da bolsa virá determinada pola puntuación final obtida no proceso selectivo polos distintos aspirantes que o teñan superado. Esta bolsa fórmase para o caso de renuncia, incapacidade laboral, baixa voluntaria ou situacións análogas de vacancia nos postos.

O citado Decreto será publicado no taboleiro de anuncios do Concello e a título meramente informativo na sede electrónica do Concello de Frades (sinalándose nesta a data de publicación no taboleiro de anuncios).

DÉCIMO SEGUNDA.- FUNCIONAMENTO DA BOLSA EMPREGO E CONTRATACIÓN DOS INTEGRANTES

Como xa se dixo a bolsa de emprego crease para o caso de renuncia, incapacidade laboral, baixa voluntaria ou situacións análogas de vacancia nos postos aos que se refiren as presentes bases de selección e sempre cando o Concello considere necesario acudir a ela.

A orde de chamamento dos/as aspirantes será pola orde na que figuren na bolsa.

O chamamento realizarase por teléfono ao número indicado polo aspirante na solicitude de participación no procedemento de selección, ou o que con posterioridade indique por escrito, por medio de catro intentos en horas distintas cunha diferenza mínima de 5 horas entre chamada e chamada.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 – FRADES (A Coruña)

Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579

e-mail: correo@frades.gal

Deixarase constancia no expediente que se tentou contactar na forma indicada no parágrafo anterior, deixando constancia por escrito, ademais, dos que renunciaron, dos que non contestaron ao chamamento e do/a candidato/a que acepta o posto de traballo. Cada vez que vaia a facer unha contratación comezase a chamar aos/as candidatos/as polo orde da bolsa de traballo, comezando sempre pola primeira persoa dispoñible da listaxe que conforma a bolsa.

O aspirante disporá dun prazo máximo dun día hábil para aceptar, xa sexa por escrito ou telefonicamente, a oferta de emprego temporal que se lle ten ofrecido, salvo necesidade urxente de contratación en cuxo caso a aceptación ou renuncia será inmediata á chamada telefónica, neste último caso se deixará constancia mediante dilixencia da persoa encargada da comunicación. Se no prazo conferido o interesado non acepta a oferta ou, se considera que a rexeita, se chamará ao seguinte.

Si algún/algunha candidato/a non contesta, entenderase que renuncia ao posto e seguirase chamando aos seguintes do listado co fin de axilizar e non paralizar o proceso de contratación.

A imposibilidade de establecer contacto telefónico non suporá para o aspirante a alteración da orde que ocupa na bolsa.

No caso de que un/unha integrante da bolsa renunciase, salvo por causa xustificada, pasará á posición final da bolsa no suposto dunha primeira e segunda renuncia e quedará excluído/a da bolsa no suposto dunha terceira.

O integrante da bolsa non presentase a documentación á que se refire a base 8ª ou non a presentase no prazo outorgado e/ou non concorrese á formalización do contrato na data fixada quedará excluído definitivamente da bolsa, salvo causa xustificada.

A extinción dun contrato por baixa voluntaria do traballador comportará a exclusión da bolsa de traballo, salvo causa xustificada.

Considéranse causas xustificadas de renuncia, cese ou baixa:

- Estar en situación de IT ou situación médica temporalmente incapacitante ou en tramitación de calquera expediente de incapacidade permanente parcial polo INSS para o desempeño de determinados postos de traballo non inhabilitante para a categoría á que se presentara.
- Estar no período temporal correspondente ao permiso de maternidade/paternidade.
- Embarazo de risco.
- Cumprimento dun deber inescusable de carácter público ou persoal, en tanto se manteña o mesmo.
- Estar realizando unha acción ocupacional para mellora da empregabilidade a través dunha Administración Pública ou organismo homologado para impartición de tales acción.
- Estar prestando servizos nun posto de traballo do sector público ou privado.
- Calquera outra circunstancia excepcional ou extraordinaria que sexa debidamente apreciada pola Alcaldía.

A “*causa xustificada*” deberá ser acreditada documentalmente ante o Concello no prazo de 10 días hábiles, desde que se ten producido a renuncia, cese ou baixa de non facerse así non se considerará como “*causa xustificada*”.

Estes aspirantes permaneceran na listaxe na mesma posición en situación de “suspensión por causa xustificada” ata o momento no que acheguen a documentación xustificativa de que ten cesado a situación e a súa dispoñibilidade inmediata para un novo contrato. Aos efectos dos dereitos de chamamento entenderase que existe dispoñibilidade efectiva desde o día seguinte hábil á comunicación.

Con carácter previo á formalización do contrato de traballo o candidato deberá presentar a documentación á que se refire a base 8ª, agás aquela que obre xa en poder da administración, o prazo para a presentación será determinado pola administración tendo en conta a dispoñibilidade inmediata que poden motivar/esixen estas contratacións.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 – FRADES (A Coruña)

Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579

e-mail: correo@frades.gal

Nos restantes aspectos relativos á formalización do contrato de traballo se estará ao establecido na base 8ª.

DÉCIMO TERCEIRA: Adaptacións para persoas con minusvalía

Nas probas selectivas estableceranse para as persoas con minusvalía que o soliciten expresamente na súa instancia, as adaptacións posibles de tempo e medios para a realización das probas, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes.

Os/as aspirantes que fagan valer a súa condición de persoa con discapacidade deberá presentar certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

DÉCIMO CUARTA: Recursos.

Esta convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se deriven delas ou da actuación do tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecida nas Leis 39/2015, de 1 de outubro, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas e 40/2015, de 1 de outubro, de Régimen Jurídico del Sector Público.

DÉCIMO QUINTA: ACLARACIÓNS

Os aspirantes deberán estar en posesión de todos aqueles requisitos esixidos nestas bases o último día do prazo de presentación de solicitudes, e gozar e ter dispoñibilidade deles durante toda a contratación.

Salvo que se indique expresamente nestas bases os aspirantes deberán presentar tódolos datos persoais e profesionais que poidan ser obxecto de avaliación en cada praza concreta.

So serán obxecto de puntuación aqueles méritos tanto formativos como de experiencia laboral que estean relacionados co posto de traballo obxecto do proceso de selección.

Enténdese por oficiais os títulos, diplomas, certificados, etc.. emitidos pola administración pública, os das Universidades públicas e privadas oficiais, os colexios profesionais e os que non sendo emitidos por ditas entidades contan coa homologación das mesmas.

A acreditación dos cursos realizarase mediante o correspondente certificado da súa realización expedido pola EGAP, Universidade, colexios profesionais ou calquera Administración Pública, organismos da administración e institucións públicas ou debidamente homologadas por esta. Non serán obxecto de avaliación os certificados expedidos por academias privadas senón se xustifica a homologación sinalada.

ANEXO I

MODELO DE SOLICITUDE

DATOS PERSOAIS DO SOLICITANTE

1º APELIDO:	2º APELIDO:	NOME:
-------------	-------------	-------



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 – FRADES (A Coruña)

Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579

e-mail: correo@frades.gal

D.N.I./N.I.E./PASAPORTE Nº:		DATA DE NACEMENTO:		NACIONALIDADE:	
ENDEREZO:		C.P.:	LOCALIDADE:	PROVINCIA:	
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:			TELÉFONO 1:	CORREO ELECTRÓNICO:	

EXPOÑO:

Á vista da convocatoria para contratación de catro peóns forestais ao abeiro da subvención outorgada pola Consellería de Emprego, Orde do 5 de marzo de 2025 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no medio rural (Aprol Rural), e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025 (DOG núm. 50, de data 13 de marzo de 2025),

SOLICITO:

A participación no proceso selectivo de referencia de conformidade coas bases da convocatoria.

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

Para todos os aspirantes:

- ☐ Documento Nacional de Identidade ou equivalente.
- ☐ Tarxeta de demandante de emprego.
- ☐ Carné de conducir B

Dependendo da situación da base 7 ademais da documentación do punto anterior deberá achegarse a seguinte:

- ☐ Certificado de minusvalía debidamente actualizado, expedido polo organismo competente.
- ☐ Informe do servizos sociais municipais.
- ☐ Informe de períodos de inscrición debidamente actualizado.
- ☐ Outros (especificar).....

No caso de alegar méritos:

- ☐ Relación de méritos:
- ☐ Documentación acreditativa:

DATA E SINATURA DO SOLICITANTE

En Frades, a ____ de _____ de 2025



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 – FRADES (A Coruña)

Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579

e-mail: correo@frades.gal

ANEXO II TEMARIO

TEMARIO DE REFERENCIA PARA A PROBA PRÁCTICA

- Coñecementos básicos de normas de seguridade, de hixiene no traballo.
- Identificación de ferramentas e materiais.
- Conceptos xerais de albanelería. Solado e alicatado. Encofrados e muros.
- Mantemento de edificios e mobiliario urbano. Pintura.
- Mantemento zonas verdes. Xardinería. Desbroce.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 – FRADES (A Coruña)

Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579

e-mail: correo@frades.gal

ANEXO III

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Datos persoais

Primeiro apelido:	Segundo apelido:	Nome:	DNI:
Enderezo:			
Concello:	Provincia:	Nacionalidade:	
Teléfono:	Enderezo electrónico:		

DECLARO:

1. Que posúo a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do emprego a que opto, non padecendo enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das funcións propias do posto de traballo.
2. Que non fun separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha administración pública, nin estar inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.
3. Que non me atopo afectado ou afectada por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

Frades, ____ de _____ de 2025

(sinatura)



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 – FRADES (A Coruña)

Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579

e-mail: correo@frades.gal

DILIXENCIA: Que estendo eu, a secretaria para facer constar que as presentes bases foron aprobada polo Decreto da Alcaldía núm. 101/2025 de data 22 de maio de 2025 A secretaria, asinado dixitalmente, M^a Lourdes Castro Pena